

PREINSCRIPCIÓN 2018/2019

Deben preinscribirse:

- Alumnado que solicitan cursar estudos en 1º de nivel básico por primeira vez.
- Alumnado procedentes de [proba de clasificación](#)
- Alumnado con [acceso directo](#) por titulación
- Alumnado procedentes de traslado de expediente
- Alumnado que se incorpora á ensinanza presencial tras superar as probas específicas de certificación polo réxime libre.
- Antigos alumnos que non estiveron matriculados polo réxime oficial no curso 2017/2018
- Alumnos oficiais con renuncia ou anulación de matrícula no curso 2017/2018

Prazo de preinscripción:

Do 3 AO 16 DE SETEMBRO

Como me preinscribo?

A través do enlace <https://www.eoidigital.com/preinsxunta>

Pódese facer unha única preinscripción para cada idioma, con catro preferencias priorizadas de grupos. Poderase solicitar praza nun máximo de 2 idiomas. No caso de adxudicación de praza en 2 idiomas en dúas escolas distintas, o alumno deberá optar por un só idioma nunha soa escola, excepto no caso de que un dos idiomas só se imparta nunha das dúas escolas.

No momento de facer a preinscripción, a aplicación asignaralle un número a cada solicitude, independentemente da escola, o idioma e o curso solicitado. Para a asignación de prazas o sistema informático obterá un número de corte por idioma e curso a partir do cal se asignarán as vacantes dispoñibles. Este número obtense aleatoriamente entre todos os números asignados aos solicitantes dese idioma e curso no momento da preinscripción. A adxudicación de prazas realizarase por persoa, empezando pola solicitude que teña o número obtido no sorteo, respectando a orde de preferencia indicada na solicitude e pasando á seguinte persoa cando se lle asigne praza nun grupo ou cando non obteña en ningún dos grupos solicitados.

Adxudicación de prazas: 17 de setembro

A obtención do número para a adxudicación das prazas realizarase en acto público, o 17 de setembro ás 13 horas na EOI de Coruña. O día 18 de setembro este alumnado poderá consultar na aplicación web se foi admitido, e deberá confirmar a reserva de praza no grupo adxudicado desde a aplicación web de [MATRÍCULA](#) e formalizar esta, na secretaría da EOI (ou da sección de Chantada) no prazo establecido (do 18 ó 28 de setembro, ver documento matrícula).

Para comprobar se están admitidos deberán acceder á súa preinscrición coa data de nacemento e o DNI/NIE e o contrasinal indicado no momento da alta.